

Sanxenxo, DEgusta TAPAS

XII edición Concurso de tapas - do 3 ao 19 de xuño 2022

Turismo de Sanxenxo convoca o **XII Concurso Sanxenxo DEgusta TAPAS** entre os profesionais de establecementos de hostalería do municipio.

Regulamento de participación.

Poderán inscribirse neste concurso tódolos establecementos que o desexen, sempre que estean dados de alta no REAT coma restaurantes, cafeterías, bares ou establecementos de aloxamento (que dispoñan de restaurante e/ou cafetería) dentro do termo municipal de Sanxenxo.

1. Cada establecemento poderá elaborar **ate un máximo de 2 tapas participantes no concurso, debendo indicar se participa na modalidade de TRADICIONAL e/ou CREATIVA (especificar cada tapa, poden ser todas tradicionais ou todas creativas).**
Entenderase por tapa CREATIVA a que empregue produtos, técnicas de elaboración ou presentación innovadora.
O prezo da tapa será de 2,50 EUROS IVE engadido (consumición a parte).
2. O prezo establecido é un prezo promocional de obrigado cumprimento durante o Concurso. Unha vez finalizado este, cada establecemento ao seu criterio, poderá fixar o prezo de venda que estime oportuno.
3. As tapas terán que elaborarse con produto autóctono galego.
4. Tódolos concursantes haberán de cumprir a normativa legal vixente en materia de seguridade alimentaria en tódolos procesos de elaboración das súas propostas.
5. Tódolos participantes deberán cumprir a normativa COVID vixente no momento no que se celebre o concurso.
6. A documentación imprescindible para a inscrición deberá ser solicitada na oficina de turismo de Sanxenxo: Porto Deportivo Juan Carlos I, s/n Sanxenxo. Teléfono: 986 720 285, info@turismodesanxenxo.com (**ANTES DAS 15:00 HRS. DO XOVES 12 DE MAIO DE 2022**).
7. O **boletín de inscrición** distribuirase na oficina de turismo e poderá descargarse nas redes sociais a través de enlaces: <https://www.facebook.com/sanxenxo.turismodesanxenxo/> ou <https://twitter.com/turismosanxenxo> e consta de: **Nome do establecemento, teléfono de contacto, nome da/s proposta/s presentadas a concurso, horario de degustación e días de peche ou non degustación e ficha técnica individual da receita de cada proposta presentada ao campionato.**
En relación có **horario de degustación, este deberá ser cumprido estritamente polo establecemento participante**, podendo ser este expulsado do Concurso se detectan queixas dos usuarios ou incumprimento dos devanditos horarios.
Asemade con motivo de facilitar que os usuarios poidan realizar todo a ruta de tapas e que o concurso poida ser, aínda se cabe, máis rendible para os locais, **RECOMÉNDASE poñer un horario de degustación o máis amplo posible, CUN MÍNIMO de DÚAS HORAS durante o servizo de mediodía e HORA E MEDIA en servizo de tarde/noite (sempre respectando as datas de apertura e peche dos locais, así como os horarios de non degustación).**
8. A documentación completa entregarse na oficina de turismo ou ben remitirse a través de correo electrónico a info@turismodesanxenxo.com
9. **A convocatoria de inscrición abrirase o VERNES 29 de ABRIL, pechándose ás 15:00 hrs. do XOVES 12 de MAIO.**

10. Cota de participación: a **participación é gratuíta** para tódolos establecementos participantes.
11. Os establecementos participantes deberán ter as súas propostas presentadas a concurso a disposición do público **ó prezo pactado coa organización (2,50 EUROS/tapa IVE engadido), no horario publicitado dende o venres 3 de xuño ata o domingo 19 de xuño engadido**, salvo no caso de días de peche ou non degustación que figurarán no mapa editado o efecto.
12. Terán a consideración de participantes no Concurso todos aqueles establecementos inscritos que entregaran ou enviaran o boletín de inscrición e a ficha técnica de receita da tapa no prazo establecido e logo de que a organización dea o visto bo ás propostas, atendendo ao regulamento e á calidade do evento.
13. Como tales, os participantes seleccionados, incluíranse nun **Degusta MAPA de localización de tódolos establecementos xunto con as propostas presentadas**, editado con motivo do **XII Sanxenxo DEgusta TAPAS**. O Degusta MAPA servirá de referencia ao público en xeral para situar e coñecer os establecementos candidatos, os seus horarios de degustación e a súa oferta; facilitando así a posibilidade de degustar as propostas participantes durante os días e horario previamente establecidos.
14. Todos os locais adheridos ao Sanxenxo DEgusta TAPAS participarán nun concurso onde outorgaranse os seguintes premios:
 - **Mellor Tapa Tradicional**
 - **Mellor Tapa Creativa**

Os premios do público, xurado popular.

Ao probar unha tapa do concurso, o establecemento de que se trate poñerá o seu selo no apartado do Degusta MAPA que corresponda.

Tan só **aquelas persoas que degustaran tapas en ó menos 5 locais poderán votar á mellor tapa, cubrindo o apartado correspondente no mapa e introducindo nunha urna habilitada para elo no propio establecemento**. Aquel establecemento que obteña a maior puntuación do público recibirá o premio correspondente segundo a modalidade que sexa, mellor tapa tradicional ou mellor tapa creativa (premios Xurado Popular).

15. O Acto de Entrega de Premios celebrarase en data por determinar onde se darán a coñecer os gañadores.
16. **Obxecto dos Premios:** Os establecementos premiados recibirán un diploma ou placa conmemorativa así como a máxima difusión coma gañadores do Concurso en diversos medios de comunicación (prensa, Internet, etc).
17. **Difusión e promoción a cargo de Turismo de Sanxenxo:**
 - Rolda de prensa - Presentación.
 - Promoción en Internet.
 - Emprego de redes sociais coma Facebook, Twitter, YouTube e Flickr.
 - Medios de prensa escritos.
 - Carteis e DEgustaMAPAS.
 - Envío de DEgusta Mapas a oficinas de turismo de Galicia e norte de Portugal.
 - Envío de Degusta Mapas a hoteis e establecementos de aloxamento de Sanxenxo.

18. Obrigas dos locais participantes:

- Cumprir coa normativa COVID vixente no momento.
- Ofrecer unha cea ou comida gratis para 2 persoas (sorteo) suxeita a dispoñibilidade e previa reserva.
- Entregar a Turismo de Sanxenxo dúas fotografías (en formato dixital) de cada tapa como mínimo 15 días antes do comezo do concurso, que se empregarán para futuras comunicacións, publicacións e promocións.
- Durante as datas que dure o concurso e nas específicas indicadas polo establecemento na súa ficha de inscrición, deberá poñer a disposición do público TODAS e cada una das tapas coas que participe no concurso no horario establecido.
- Ter un selo identificativo do seu establecemento.
- Ter exposto nun lugar visible dende o exterior do local o Cartel de participante no concurso, cartel que se lle facilitará dende Turismo de Sanxenxo.
- Ter os DEgusta MAPAS á vista do público e a urna de votacións durante a duración do concurso a disposición dos clientes.
- Entregar a Turismo de Sanxenxo a urna pechada e sen abrir ao finalizar o concurso con obxecto de proceder ao recuento de votacións para as mellores tapas.

O incumprimento dalgunha destas obrigas por parte dos locais participantes poderá dar dereito a Turismo de Sanxenxo a expulsar aos mesmos do concurso.

19. Sorteos e regalos entre o público asistente:

Entre todos os clientes que participen nas votacións (mínimo 5 locais visitados para poder participar) faranse distintos sorteos, o valor dos premios e dos regalos será maior para aqueles que máis locais visiten.

A maior participación no concurso, maior valor dos premios sorteados e dos regalos seguros.

Os premios, sorteos e regalos publicaranse na web, nas redes sociais de Turismo de Sanxenxo, nos carteis e folletos promocionais.

- 20.** Turismo de Sanxenxo resérvase o dereito de modificar as presentes bases en caso de ser necesario e sempre baixo xustificación; inclusive a cancelar a celebración do concurso de non acadarse un número de inscritos suficiente para garantir o seu éxito ou si a situación sanitaria por motivo da pandemia e/ou as restricións derivadas do COVID fixeran imposible a celebración do evento.

A inscrición coma participante, implica o coñecemento e aceptación do seu regulamento.

En Sanxenxo, a 30 de abril de 2022.

BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN - SANXENXO DEGusta TAPAS 2022

DATOS QUE APARECERAN NO DEGusta MAPA (LETRA CLARA E TAL E COMO DEBE APARECER)

Nome do Establecemento: _____
Domicilio _____ CP _____
TELF _____ PÁXINA WEBE _____
HORARIO DEGUSTACIÓN (recoméndase UN MÍNIMO de dúas horas en servizo de mediodía e hora e media en servizo de tarde/noite. MELLOR O MÁIS AMPLIO POSIBLE)

DÍAS DE PECHE – NON DEGUSTACIÓN _____

Denominación da proposta: (Como máximo DÚAS propostas e INDICAR SE É TRADICIONAL OU CREATIVA). Entenderase por tapa CREATIVA a que empregue produtos, técnicas de elaboración ou presentación innovadora.
Tapa 1:

Tapa 2:

DATOS DE PARTICIPACIÓN E INSCRIPCIÓN

Nome do Establecemento (RAZÓN SOCIAL): _____

C.I.F. /N.I.F.: _____

Domicilio a efectos fiscais _____ CP _____

TEL _____ e-mail _____

Páxina webe: _____

Persoa de Contacto coa organización: _____

Participante:

Apelidos _____ Nome _____

Móbil _____ e-mail _____

O abaixo asinante D/Dña. _____ solicita a súa inscrición coma participante do **XII SANXENXO DEGUSTA TAPAS**, coñecendo e aceptando a totalidade das Bases de Participación no Concurso.

Os datos solicitados a través deste "Boletín de Inscrición" trataranse de conformidade coas bases do concurso, non cedéndose ou comunicándose os mesmos a terceiros.

En Sanxenxo a _____ de _____ 2022.

Nome da persoa que asina e sinatura.

FICHA TÉCNICA DE RECEITA (UNHA POR PROPOSTA)

Denominación da TAPA

MODALIDADE (Tradicional/creativa)

Ingredientes necesarios para elabora-la TAPA

1. Produtos principais

2. Aderezos, sazones, especias,...

3. Método de elaboración e Presentación final:
